


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/02/2021 12:26:29

SAIDA 3410/21



Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 143/2020**

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por mediante escrito do 29 de decembro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de febreiro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 29 de decembro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de que se faga público os enunciados dos exercicios escritos das oposicións docentes realizadas en Galicia en 2016 e 2017 da especialidade de Hostelería e Turismo (106) do corpo de profesores de ensinanza secundaria e a plantilla correctora utilizada polos tribunais que indique o nivel mínimo esixido para a superación de cada un deses exercicios.

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 30 de decembro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 8 de xaneiro de 2021

Terceiro. Con data do 26 de xaneiro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

A Consellería informa que con data do 13 de xaneiro de 2021 ditouse resolución pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na que se estima a solicitude de acceso á información pública, a cal se pon a disposición da persoa solicitante, o día 14 de xaneiro de 2021, no Sistema de notificación electrónica e envíanse ao seu correo electrónico os arquivos en formato .pdf que conteñen a información.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que a Consellería resolveu a solicitude con posterioridade a que a interesada presentase reclamación ante esta Comisión, deben admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, debido á natureza representativa dos gobernos democráticos e é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía.

No dereito de acceso á información poden distinguirse dous aspectos: a transparencia proactiva ou publicidade activa, como aquela obriga dos organismos públicos de publicar e dar a coñecer a información sobre as súas actividades, orzamentos e políticas e a publicidade pasiva ou dereito de acceso á información, que é o dereito dos cidadáns de solicitar ás Administracións e demais entidades e Institucións calquera tipo de información pública, e o dereito a recibir unha resposta documentada e satisfactoria.

A Lei estatal 19/2013 establece nos seus artigos 6 a 8 a información que deben publicar os suxeitos incluídos dentro do se ámbito de aplicación, obriga que se amplía a máis información nos artigos 7 a 19 da Lei galega 1/2016.

Se ben o artigo 20 da Lei 1/2016 establece que os suxeitos incluídos dentro do seu ámbito de aplicación, fomentarán a difusión de calquera información pública non incluída nos ditos artigos, non existe un dereito dos cidadáns de esixir que unha determinada información, sexa obxecto de publicidade activa.

No presente caso, a interesada solicitou que se fagan públicos os enunciados e plantillas de corrección de determinados procesos selectivos, solicitude sobre a que a Consellería pode valorar a conveniencia de que sexa obxecto de publicidade activa, pero que en todo caso non é unha obriga que a solicitante poida esixir á Administración: a solicitante ten dereito de acceso a esa información, (que xa lle foi concedido), pero non a esixir que sexa obxecto de publicidade activa.

De acordo co anterior, ao non ser o obxecto da solicitude da interesada o acceso a unha información pública, senón a petición de que unha determinada información sexa obxecto de publicidade activa, procede a indamisión da reclamación, de acordo co disposto no artigo 116.c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao non tratarse dun acto susceptible de recurso ante esta Comisión.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único : Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 29 de decembro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de que se faga público os enunciados dos exercicios escritos de determinados procesos selectivos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.02.24 11:44:02 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.